



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D ·

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: MTF

Expediente núm. 2022/E001/000001
2022/GG003/000645

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto núm. 588/2022, do 5 de maio, procedeuse a aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo encamiñado á constitución dunha lista de espera ou bolsa de traballo correspondente á categoría de conserxe de edificios e servizos municipais.

Na mesma resolución designouse o tribunal e fixouse o lugar, día e hora de constitución do órgano de selección e de celebración do primeiro exercicio, actos que estaban previsto tivesen lugar nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música.

Advertida a falta de adecuación do lugar previsto, resulta obrigado proceder a cambiar o inicialmente fixado.

FUNDAMENTOS LEGAIS

Esta concelleira resulta competente para ditar a presente resolución, en virtude das atribucións que lle foron delegadas a través do Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Modificar o Decreto núm. 588/2022, do 5 de maio, nos seguintes termos:

O apartado 5.b) da parte dispositiva da dita resolución, queda redactada como segue:

“b) Lugar: **Salón de actos do Edificio de Usos Múltiples Culturais Doutor Dopeso, situado na Rúa Rosalía de Castro, núm 28.**”

2. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños